



## I

*Voces termando da paisaxe galega***TEXTO**

Eu lin por vez primeira *Memorias dun neno labrego* cando cheguei a Vigo en setembro de 1973 para dar aulas no Instituto Castela (chamado daquela do Calvario, pois aínda non propuxera mudarlle o nome). Aprendía galego nas clases de Francisco Carballo, no xermolo da Asociación de Veciños do Calvario, clandestina, como todo o que era interesante daquela. Lendo as *Memorias* de Balbino puíden saborear fermosas palabras, “mouro”, “enfarruscar”, lambonadas que nos ofrecías.

Se *Memorias dun neno labrego* é un dos libros galegos máis difundidos polo mundo adiante, se foi traducido a dezaseis linguas, se segue emocionando a lectoras e lectores de países tan distantes como China ou Alemaña, é por falarnos de cuestións universais, das inxustizas e de como afectan á infancia, das ledicias dun neno por pequenos sucesos, das súas penas nun mundo que ás veces resulta hostil.

As *Memorias* tiveron a afouteza de rachar coas historias bucólicas sobre a vida nas aldeas. Non son compracentes coa idea mítica dunha Galicia rural onde todo sería harmonioso, sen conflitos. Unha lucidez tanto máis singular canto, desde a distancia imposta polo exilio, pode haber unha tendencia a representar a aldea que se deixou atrás como a Arcadia feliz. Ao contrario, as *Memorias* reflicten a dureza duns tempos nos que as rapazas e rapaces andaban descalzos e sufrían frieiras. Todos ou case todos, fosen os nados nos 15 anos 1920 nunha familia pobre, como Balbino, fosen os nados nos anos 1950 na casa dun médico, como o meu compañeiro Ramón López Facal. Balbino fainos vivir a pobreza, o frío, a dureza da vida duns rapaces pobres.

Marilar Aleixandre, “Voces termando da paisaxe galega”, discurso de ingreso na Real Academia Galega (2017)

**CUESTIÓNS**

1. Fai un resumo ou un esquema das ideas principais e secundarias do texto.
2. Identifica a intención comunicativa e o tema do texto.
3. Redacta un comentario crítico no que expreses a túa opinión sobre a calidade de vida das nenas e dos nenos que viven hoxe en día na aldea con respecto aos que viven na cidade. (Extensión aproximada: 300-350 palabras)

**MATERIAIS DE APOIO**

Libro de texto:

- O comentario crítico (páx. 56)
- O texto argumentativo (páx. 162)